

**ACTA XUNTA DIRECTIVA POR ESCRITO DO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL LIMIA-ARNOIA
GDR-10**

05 de Outubro de 2021 AS 13:00 HORAS

GUMERSINDO LAMAS ALVAR

ANTONIO PUGA RODRÍGUEZ

JOSE LUIS GAVILANES LOSADA
(REPRESENTADO POR FCO JAVIER)

SUSANA VÁZQUEZ DORADO

EMILIO PAZOS OJEA

ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ

RUBÉN QUINTA RODRÍGUEZ
(REPRESENTADO POR ROSA M^a DIEGUEZ
GONZÁLEZ)

SANDRA QUINTAS

DAVID PEREIRA

LORENA PORTELA SEGUÍN

BEATRIZ GÓMEZ IGLESIAS

DOMINGO RÚA CASTRO

BERNARDO VARELA LÓPEZ

XOSÉ MANUEL PARENTE RODRÍGUEZ
(REPRESENTADO POR SONIA VIDAL)

CRISTINA ÁLVAREZ QUINTAS

M^a DEL PILAR REQUEIRO LÓPEZ

ISRAEL LEÓN RODRÍGUEZ

Previamente convocados/as, reuníronse os Sres./as. á marxe relacionados/as, baixo a presidencia do Sr. PRESIDENTE, Gumersindo Lamas Alvar, a fin de celebrar xunta directiva da Asociación LIMIA ARNOIA GDR 10.

1. Aprobación, acta da sesión anterior
2. Aprobación das modificacións de expedientes presentados e tramitados na convocatoria: 2021/2022, despois da verificación de ICES (Informes Control de Elexibilidade) por parte de Agader
3. Acordo traspaso de fondos sobrantes entre tipoloxias de proxectos, na convocatoria 2021/2022.
4. Situación Xeodestinos do territorio GDR Limia-Arnoia.
5. Traballos realizados polo GDR Limia-Arnoia no Plan da Limia encargado pola Consellería do Medio Rural.
6. Outros asuntos

**AS 13:10 HORAS CO QUORUM CORRESPONDENTE DASE COMEZO A CELEBRACIÓN DA XUNTA
DIRECTIVA SEGUNDO A ORDE DO DÍA SEGUINTE:**

1. Aprobación, acta da sesión anterior

Aprobase por unanimidade a acta da sesión anterior de data 05/08/2021

OFICINAS:

Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
☎ 98844 25 35 //604026618
coordinadora@limia-arnoia.gal

Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
☎ 604 027 382
técnico@limia-arnoia.gal

Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
☎ 988 688 779// 604 028 453
administración@limia-arnoia.gal



DASE CONTA DO ESTADO DOS SEGUINTES EXPEDIENTES:

RENUNCIA (O 13 DE SETEMBRO DE 2021) DO EXPEDIENTE L20-19.20-10-0195 Complexo turístico O

Campo de Sorga con Restaurante Vinculado.

Proxecto PRODUTIVO.

Axuda total: 77.146,58 €

Axuda 2020: 38.573,29 € xa xustificada (anticipo) e cobrada. Procede o REINTEGRO DE FONDOS.

Axuda 2021: 38.146,58 €. Procede a súa LIBERACIÓN para incorporar a outros proxectos da convocatoria 2020-2021.

Segundo a listaxe de agarda aprobada en Xunta Directiva do GDR Limia-o seguinte expediente, con unha puntuación de 67 puntos, é o seguinte:

L19-19.20-10-0185 Perruquería Guedellas.

Promotora: Nerea Fariñas Montero.

Concello: Baños de Molgas

Orzamento Aceptado: 50.258,43 €


Axuda: 25.129,22 € (50%)

Estase a tramitar a VERIFICACIÓN DO ICE deste expediente, xa que está executado, e pode xustificar nesta anualidade a axuda LEADER.

Polo tanto, no caso de verificación favorable de ICE, contaría con unha axuda de 25.129,22 €.

Dado que a cantidade liberada polo expediente que renuncia é de 38.146,58 €, quedarían 13.017,36 € sen poder adxudicar, xa que non temos mais expedientes con ICE VERIFICADO e que teñan EXECUTADO para poder absorber eses fondos sobrantes. Estes, pasarán a ser incorporados para a convocatoria 2021-2022 ou ben para a 2022-2023.

OFICINAS:

Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
 98844 25 35 //604026618
coordinadora@limia-arnoia.gal

Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
 604 027 382
técnico@limia-arnoia.gal

Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
 988 688 779// 604 028 453
administración@limia-arnoia.gal



**2. Aprobación das modificacións de expedientes presentados e tramitados na convocatoria:
2021/2022, despois da verificación de ICES (Informes Control de Elexibilidade) por parte de
Agader**

Dase conta do estado dos expedientes da CONVOCATORIA 2021-2022

Despois da aprobación provisional realizada en Xunta Directiva do 5 de agosto de 2021, a data de hoxe xa temos revisados e VERIFICADOS a maior parte dos expedientes.


- a) No que respecta ao expediente L21-019.20-10-0250 GALPESCA, foi NON VERIFICADO por parte de Agader por tratarse dun produto do sector pesqueiro. Desde a equipa técnica do GDR entendíamos que este proxecto tiña un encaixe como “elaboración de alimentación precociñados”, pero este concepto non foi aceptado por Agader.
- b) Debido ao Informe Desfavorable por parte do Servizo de Turismo de Ourense, do expediente L21-19.20-10-0323 “Pensión na Boullosa”, e no caso de que definitivamente sexa informado DESFAVORABLEMENTE na comisión mixta Agader-Turismo, este expediente non pode ser aprobado.
- c) A maiores outros 5 expedientes, por diversos motivos (renuncias) xa foran informados desfavorablemente polo GDR.

Esto ten como resultado, que dos 179.909,91 € dispoñibles para a anualidade 2021, e 253.770,95 €, SERÍAN SUBVENCIONABLES a totalidade de expedientes PRODUTIVOS VERIFICADOS FAVORABLEMENTE.


De ser así, disporíamos de 101.482,60 € (40.820,61 € en 2021 e 60.661,99 € en 2022) que poderían ser TRASPASADOS PARA PROXECTOS NON PRODUTIVOS.

Deste xeito, entrarían a totalidade de PROXECTOS NON PRODUTIVOS PRIVADOS, e 8 expedientes de PROXECTOS NON PRODUTIVOS PÚBLICOS.

OFICINAS:

Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
 98844 25 35 //604026618
coordinadora@limia-arnoia.gal

Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
 604 027 382
técnico@limia-arnoia.gal

Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
 988 688 779// 604 028 453
administración@limia-arnoia.gal

No caso do expte L21-19.20-10-0236 Concello de Taboadela, do total de 28.235,59 € que lle corresponderían de axuda, só habería dispoñibles 14.382,91 €, polo que quedaría en reserva de fondos 13.852,68 €.

3. Acordo traspaso de fondos sobrantes entre tipoloxías de proxectos, na convocatoria 2021/2022.

APÓBASE POLA TOTALIDADE DOS ASISTENTES.

Para unha mellor execución dos fondos dispoñibles polo GDR10 Limia-Arnoia, propónse tomar o seguinte

ACORDO:

Solicitar a Agader o traspaso dos fondos sobrantes da tipoloxía de PROXECTOS PRODUTIVOS para a tipoloxía de PROXECTOS NON PRODUTIVOS, tanto PRIVADOS como PÚBLICOS até a execución total dos fondos dispoñibles para a convocatoria 2021-2022.

4. Situación Xeodestinos do territorio GDR Limia-Arnoia.

Infórmase sobre o estado dos Xeodestinos neste momento. Non precisa aprobación

Froito do convenio asinado en setembro de 2020, entre a Axencia de Turismo de Galicia e o GDR Limia-Arnoia, realizáronse diversas actividades para a posta en marcha do xeodestino Terras de Ourense-Allariz (deallarizamaceda): redes sociais, páxina web...

No presente ano 2021 presentamos proposta de convenio para continuar coas actividades deste xeodestino, pero non obtivemos resposta da Axencia de Turismo de Galicia.

OFICINAS:

Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
☎ 98844 25 35 //604026618
coordinadora@limia-arnoia.gal

Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
☎ 604 027 382
técnico@limia-arnoia.gal

Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
☎ 988 688 779// 604 028 453
administración@limia-arnoia.gal



5. **Traballos realizados polo GDR Limia-Arnoia no Plan da Limia encargado pola Consellería do Medio Rural.**

Infórmase sobre o estado do Plan da Limia neste momento. Non precisa aprobación

O día 21 de outubro de 2021 remata o prazo da encomenda de realización do Plan da Limia, encargado pola Consellería do Medio Rural ao GDR10 Limia-Arnoia e á Fundación Juana de Vega.

A redacción do citado Plan, pendente da concreción de medidas por parte das administracións implicadas, está preparado e executado. Antes de que remate o prazo de execución, desde o GDR Limia-Arnoia remitiremos o contido do traballo encomendado.

6. **Outros asuntos**

Infórmase sobre o estado dos Proxectos de Cooperación nos que participa o GDR-10. Non precisa aprobación

a).- Proxectos de cooperación: O GDR Limia-Arnoia participa de 4 proxectos de cooperación entre GDR de Galicia.

* *Son de Monte*: participado por 6 GDR de Galicia (1 Lugo, 2 A Coruña, 2 Pontevedra e 1 Ourense). Orzamento xestionado polo GDR Limia-Arnoia: 13.333,33 €. O obxectivo é a creación da Rede de Centros de Información e Promoción da Cultura do Monte, a través de 6 experiencias de aproveitamento do monte diferentes. Proxecto no que somo GDR Coordinador.

* *Museos Vivos*: Proxecto de carácter estatal, no que participamos 3 GDR de Galicia (1 de Lugo, 1 A Coruña, 1 de Ourense). Orzamento xestionado polo GDR Limia-Arnoia: 10.350 €. Consiste na posta en marcha de dispositivo de cita previa e apertura automática con vixilancia de 1 museo en

OFICINAS:



cada territorio. No noso caso o proxecto desenvolverase no Forno da Santa en Santa Mariña de Augasantas (Allariz).

* *Incorporando Ilusións*: Participamos 6 GDR Galegos (2 A Coruña, 1 Pontevedra, 2 Lugo, 1 Ourense). Proxecto que ten como obxectivo o impulso da incorporación da mocidade ao mercado laboral a través dunha rede de colaboración entre territorios, empresas, tecido social e centros de ensino. Orzamento GDR Limia-Arnoia: 14.040 €.

* *Alimentos da Biosfera*: Participado por 9 GDR de Galicia (3 a Coruña, 5 Lugo, 1 Ourense). Orzamento GDR Limia-Arnoia: 6.281,78 €. Aproveitar as sinerxias das Reservas da Biosfera para crear unha marca e promocionar os produtos agroalimentarios das nosas Reservas, principalmente en comedores escolares.

b) PACES (Pacto de Acción polo Clima e as Enerxías Sustentables). Este ano 2021 temos a encarga de realización do PACES dos Concellos de Porqueira e Sarreaus.


c) PLAN LOITA CONTRA A SECA: Temos a encomenda de realización do Plan da Seca do Concello de Vilar de Santos.

d) NEXT GENERATION: No mes de outubro retomaremos o proxecto, xa que aínda non se publicaron as ordes de axuda correspondentes.


NON HABENDO MAIS ASUNTOS QUE TRATAR REMÁTASE A XUNTA DIRECTIVA AS 13:45 HORAS

EN XINZO DE LIMIA, 05 de OUTUBRO DE 2021

OFICINAS:

Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
 98844 25 35 //604026618
coordinadora@limia-arnoia.gal

Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
 604 027 382
técnico@limia-arnoia.gal

Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
 988 688 779// 604 028 453
administración@limia-arnoia.gal



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

X  21-22




Asdo: GUMERSINDO LAMAS ALVAR

SUSANA VÁZQUEZ DORADO


PRESIDENTE GDR-10

SECRETARIA GDR-10

OFICINAS:

Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
 98844 25 35 //604026618
coordinadora@limia-arnoia.gal

Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
 604 027 382
técnico@limia-arnoia.gal

Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
 988 688 779// 604 028 453
administración@limia-arnoia.gal